

CONSUELO FERREIRO REGUEIRO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno da USC, na sesión ordinaria celebrada o día 8 de outubro de dous mil quince, aprobou por asentimento a modificación do seu propio acordo adoptado no pleno do 29 de xullo, sobre concesión dunha oportunidade extraordinaria de recuperación para o alumnado que cursou materias dos plans de estudos en extinción polo grao ao abeiro do artigo 13 da Normativa de Avaliación, nos termos que se transcriben:

"PRIMEIRO.- O alumnado ao que lle falten por superar materias dunha titulación anterior ao Real Decreto 1393/2007 e sempre que as estean a cursar polo Grao ao abeiro do artigo 13 da Normativa de Avaliación do Rendemento Académico dos Estudantes e de Revisión de Cualificacións, poderá realizar un novo exame nunha única oportunidade de recuperación se cumpre as seguintes condicións:

1. Que o alumnado teña un máximo de 3 materias ou 18 créditos e que se estean a cursar polo Grao, ao abeiro do artigo 13 da Normativa de Avaliación.
2. Que teña a cualificación de "suspenso" nas dúas oportunidades do curso 2014-15 ou simplemente de "suspenso" e "non presentado" nese mesmo período.

SEGUNDO.- O alumnado que teña a cualificación de "suspenso" nas dúas oportunidades do curso 2014-15 poderá realizar o exame no mes de setembro na data que fixen os centros.

O alumnado que teña a cualificación de "suspenso" e "non presentado" nunha das dúas oportunidades do curso 2014-15 poderá realizar a oportunidade extraordinaria de recuperación no mes de novembro, nas datas que fixen os centros. As actas serán pechadas o 30 do indicado mes.

TERCEIRO.- A realización desta oportunidade no mes de novembro queda excluída para o alumnado que puidera presentarse á oportunidade no mes de setembro por ter "suspenso" nas dúas oportunidades precedentes; e tamén queda excluído o alumnado que se presentara a oportunidade extraordinaria do mes de setembro sen cumprir o requisito de ter obtido a cualificación de "suspenso" en cada unha das dúas oportunidades do curso 2014-2015 ao que se lles recoñecerá a cualificación recibida na devandita oportunidade extraordinaria.


CUARTO.- Unha vez realizada esta oportunidade extraordinaria, ao alumnado que supere a materia ou as materias, se lle imputarán no seu expediente correspondente a titulación en extinción.

No caso de non superalas deberá adaptarse obrigatoriamente ao Grao.”

E para que así conste, asino a presente certificación, en Santiago de Compostela, a 14 de outubro de dous mil quince, co Visto e Prace do sr. Reitor.

Vº e Prace

O reitor



Juan M. Viaño Rey

